

## ADMISIÓN DO ALUMNADO

### CURSO 2024 - 2025

Para iniciar estudos no Centro de Formación Audiovisual do Servizo de Audiovisuais da Deputación de Lugo (CPR TIC) será necesario estar en posesión da titulación<sup>1</sup> esixida para o acceso á formación profesional de grao superior.

Os solicitantes<sup>2</sup> de novo ingreso ao primeiro e ao segundo curso, que reúnan os requisitos, presentarán a solicitude de admisión no prazo ordinario.

As solicitudes atenderanse segundo os seguintes criterios:

- A. Estar en posesión do título de Bacharel, BUP + COU, BUP + PREU ou BUP
- B. Ter superada a proba de acceso a ciclos formativos de grao superior
- C. Ter superada a proba de acceso á Universidade para maiores de 25 anos
- D. Posuír un título de Técnico Especialista ou Técnico Superior
- E. Dispoñer dunha titulación universitaria
- F. Posuír un certificado de profesionalidade (Grao C) integrado en calquera dos dous ciclos formativos e sen ningún dos anteriores requisitos (poden acceder **só** en caso de prazas vacantes)

Sen prexuízo de cumprir os requisitos anteriores, dentro de cada colectivo a orde de prioridade virá determinada por:

1. Que se trate da primeira matrícula no ciclo para o que se solicita praza.
2. Maior nota media no expediente académico<sup>3</sup>.
3. Sexo menos representado no ciclo formativo solicitado na matrícula do curso anterior en que se demande a praza de formación<sup>4</sup>.
4. De persistir o empate, resolverase empregando como criterio de ordenación os derradeiros cinco díxitos numéricos do documento oficial de identidade.

Do total de postos dispoñibles un 20% ofrecerase a quen teña superada a proba de acceso para ciclos de grao superior para o ciclo que solicita matrícula.

Unha vez finalizado o prazo de solicitude de admisión, e no caso de ser maior o número de solicitudes presentadas que o de prazas ofertadas, as solicitudes serán valoradas e farase público o listado de solicitantes admitidos, así como a lista de solicitantes en lista de agarda e de solicitantes excluídos que resulte da aplicación dos criterios preferentes fixados para o acceso.

Os solicitantes admitidos deberán formalizar matrícula no prazo establecido, entendéndose que de non facelo renuncian á súa praza, que será adjudicada aos solicitantes en lista de agarda.

Unha vez rematado o prazo de matrícula ordinaria, e no caso de existir vacantes, renuncias ou baixas, as prazas resultantes adjudicaranse entre os novos solicitantes por orde de entrada da solicitude.

<sup>1</sup> Real Decreto 659/2023, de 18 de xullo, polo que se desenvolve a ordenación do Sistema de Formación Profesional.

Para acceder aos ciclos formativos de grao superior de formación profesional requírese o cumprimento dun dos seguintes requisitos:

- a) Título de Técnico de Grao Medio de Formación Profesional ou o título de Técnico de Artes Plásticas e Deseño
- b) Título de bacharel
- c) Ter superada unha oferta formativa de Grao C incluída no ciclo formativo
- d) Ter superado un curso de formación específico preparatorio e gratuito para o acceso a ciclos de grao superior en centros expresamente autorizados pola Administración educativa
- e) Ter superada a proba de acceso específica
- f) Título de Técnico Superior de Formación profesional ou grao universitario

<sup>2</sup> O alumnado que xa estivese matriculado anteriormente nun dos ciclos do Centro de Formación Audiovisual do Servizo de Audiovisuais da Deputación de Lugo (CPR TIC) terá que ter superados polo menos dous módulos técnicos (excluíndo FOL e EIE) para poder solicitar praza noutro dos ciclos e así mesmo, será requisito indispensable ter aprobado algún dos módulos dos que estivera matriculado para poder formalizar unha nova matrícula.

Que un alumno causara baixa tanto voluntaria como de oficio nun curso escolar impedirá que poida voltar a solicitar praza no Centro.

<sup>3</sup> Para o cálculo da nota media do expediente aplicarase o procedemento fixado no artigo 22 da Orde do 15 de xuño de 2016 pola que se regula o procedemento de admisión do alumnado nos centros docentes sostidos con fondos públicos para impartir ciclos formativos de formación profesional de graos medio e superior en réxime ordinario e para as persoas adultas.

<sup>4</sup> Artigo 11.2 da Orde de 15 de xuño de 2016, "...co obxectivo de favorecer o fomento das vocacións nas áreas con infrarrepresentación de mulleres ou homes, seleccionárase en virtude do sexo menos representado no ciclo formativo solicitado na matrícula do curso anterior en que se demande a praza de formación."

## Curso 2024-2025

### PRAZAS OFERTADAS

- |           |  |
|-----------|--|
| <b>20</b> | <b>1º CS Realización de Proxectos de Audiovisuais e Espectáculos</b> |
| <b>20</b> | <b>1º CS Produción de Audiovisuais e Espectáculos</b>                |

### INFORMACIÓN e MATRÍCULA

**Centro de Formación Audiovisual do  
Servizo de Audiovisuais da Deputación  
de Lugo  
CPR TIC**

Rúa Frei Plácido Rei Lemos, s/n - 27004 Lugo  
Tfno.: 982 284 667

e-mail: [info@fundaciontic.org](mailto:info@fundaciontic.org)

<https://www.deputacionlugo.gal/gl/temas/audiovisuais/home>

### CALENDARIO

Prazo de solicitude de admisión	<b>19 xuño ao 5 de xullo</b>
Publicación listas de admitidos, agarda e excluídos <b>PROVISIONAIS</b>	<b>9 de xullo</b>
Prazo de reclamacións	<b>10 ao 12 de xullo</b>
Publicación listas de admitidos, agarda e excluídos <b>DEFINITIVAS</b>	<b>16 de xullo</b>
Prazo de matrícula ordinaria	<b>17 ao 22 de xullo</b>
Prazo de matrícula extraordinaria	<b>23 de xullo ata completar as prazas</b>